

## **Máximo órgano de decisión da cooperativa**

# **A ASEMBLEA XERAL DE EROSKI AUTORIZA A EMISIÓN DE BONOS COMO INSTRUMENTO DE FINANCIAMENTO**

- **A emisión terá un importe límite de 600 M€ e os recursos que se obteñan destinaranse a lles dar cumprimento ás obrigas adquiridas no marco do actual acordo de refinanciamento**
- **A asemblea celebrada esta tarde culmina un amplo proceso de participación previo dos Socios Traballadores e dos Socios Consumidores de EROSKI que suma máis de 15 sesións informativas**

**Elorrio, 10 de outubro do 2023.**- EROSKI celebrou esta tarde en Elorrio unha Asemblea Xeral Extraordinaria, á que estaban convocadas 500 persoas socias representantes dos seus colectivos de Socios Traballadores e Socios Consumidores, destinada a someter a aprobación a proposta do Consello Reitor dunha emisión de bonos como instrumento de financiamento que contribúa a lles dar cumprimento ás obrigas adquiridas no marco financeiro actual.

O máximo órgano de decisión da cooperativa autorizou a proposta de emisión dun instrumento con tedores institucionais como destino exclusivo, por un importe límite de 600 millóns de euros.

### **Amplo proceso de participación previo**

A Asemblea Xeral Extraordinaria celebrada esta tarde estivo precedida por un amplo proceso de participación dos Socios Traballadores e Socios Consumidores de EROSKI. Este proceso suma 15 sesións informativas, denominadas xuntas preparatorias, presenciais e con conexións dixitais, que culminaron hoxe coa consulta á asemblea de delegados sobre a proposta de emisión de bonos como instrumento de financiamento.

---

#### **EROSKI**

Comunicación Corporativa

Tel: 946 211 214

[comunicacion@eroski.es](mailto:comunicacion@eroski.es)

#### **EROSKI – OFICINA DE PRENSA**

#### **CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL

EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[\*\*Sala de prensa online\*\*](#)